



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA PLENO:

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Don José Manuel Brenlla Castiñeira BNG
Dona María Pilar García García BNG
Don Germán Pérez Freire BNG
Dona Cristina Pardiñas Lorenzo BNG
Don David Rial Montes PP
Don José David Gómez Brandariz PP
Dona Sheila Rial Mata PSOE

Ausentes:

Dona Natalia Espasandín Pazos BNG
Don Manuel García Velo BNG
Don José Martín Cundíns Suárez PP

Secretaría:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28.03.2025

En Zas, o día 28 de marzo de 2025, ás trece horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión ordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 31.01.2025

Sometida a votación, por unanimidade de todos os presentes, apróbase a acta da sesión celebrada o 31.01.2025.

SEGUNDO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 06.02.2025

Sometida a votación, por unanimidade de todos os presentes, apróbase a acta da sesión celebrada o 06.02.2025.

TERCERO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA

O Pleno dáse por enterado dos decretos ditados pola Alcaldía.

CUARTO.- DACIÓN DE CONTA DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS (4º TRIMESTRE 2024)

O Pleno dáse por enterado.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

QUINTO.-DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO 4º TRIMESTRE 2024

O Pleno dáse por enterado.

SEXTO.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE

O Pleno dáse por enterado.

SÉTIMO.- MOCIÓN DE URXENCIA

7.1 O Sr. Alcalde explica a urxencia, xustificando a necesidade de que sexa tratado nesta sesión o cambio de nome do centro de saúde de Baio

Sometida a votación a urxencia, acórdase a mesma por unanimidade dos presentes

O Sr. Alcalde da lectura á moción presentada polos voceiros do BNG, do PP e do PSOE,

“MOCIÓN CONXUNTA GRUPOS MUNICIPAIS BNG, PP. PSOE PARA DAR NOME O CENTRO DE SAUDE DE BAIO

O doutor Manuel Pérez Maroño naceu no ano 1930 no lugar de Figueira, pertencente a parroquia de Arcos, no concello de Mazaricos.

Cursou os seus estudos na Facultade de Medicina de Santiago entre os anos 1950 e 1956. Unha vez rematados estes, en novembro de 1957 volve a Mazaricos onde vai prestar servizo médico en diferentes lugares ata que no ano 1958 convertese no médico titular de Dumbría. Posto no que estivo 17 anos.

Foi un médico de atención primaria domiciliaria e de empresa prestando atención médica a pacientes de diferentes concellos da Costa da Morte: Mazaricos, Dumbría, Cee, Corcubión, Fisterra, Camariñas, Muxía, Vimianzo, Cabana de Bergantiños, Laxe e Zas. Así mesmo, dende o ano 1960 mantivo un consultorio aberto na súa casa familiar en Baio. Nesta localidade é onde residiu a maior parte da súa vida.

O doutor Maroño exerceu de médico rural durante máis de corenta anos na Costa da Morte. Dedicou a súa vida a atención sanitaria en condicións moi difíciles e con medios limitados veces. A súa entrega e vocación levárono a prestar asistencia médica máis alá das súas responsabilidades. Estaba disposto a trasladarse de xeito urxente a vilas afastadas para conseguir os fármacos que necesitaban os seus pacientes, que, en moitos casos eran vitais para o enfermo.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Don Manolo, nome polo que se coñecía en Baio e arredores, era un gran defensor dos pacientes así como un pioneiro na loita contra as enfermidades laborais. No ano 1958, traballando en Mazaricos e Dumbría atopouse con casos de pacientes con doenzas sen identificar. Nese mesmo ano comezou a identificar estas doenzas como casos de silicose provocadas polo traballo no túnel do Castrelo, sendo un dos primeiros en facelo. A pesar das presións que sufría, o doutor Maroño non dubidou en diagnosticar e denunciar este problema. Axudou tamén aos enfermos e as familias dos falecidos para que puideran cobrar a indemnización e pensión xusta.

A labor do doutor Maroño vai máis alá da labor asistencial, xa que foi uns dos promotores da formación continua de médicos rurais e participou na creación da Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria (SEMERGEN). Así mesmo, impulsou a Xunta Comarcal de Médicos de Corcubión. Toda esta labor fixo que o concello de Zas, e en concreto o pobo de Baio, fose o centro de toda esta intensa actividade formativa.

A súa contribución non se limita só o ámbito da medicina, senón tamén ao social, cultural e ao deportivo no pobo de Baio.

O doutor Manuel Pérez Maroño é un exemplo de humanidade, compromiso e entrega a súa profesión máis aló da súa obriga profesional.

Méritos profesionais

- LICENCIADO EN MEDICINA E CIRURXÍA POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (1950-1956)
- MÉDICO DE A.P.D. DOS CONCELLOS DE DUMBRÍA E VIMIANZO (1957-1995)
- PRESIDENTE DA XUNTA COMARCAL DE MÉDICOS DE CORCUBIÓN (1963-1995)
- MEMBRO FUNDADOR E VOCAL DA XUNTA DIRECTIVA NACIONAL DA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE MEDICINA RURAL Y GENERALISTA, E PRESIDENTE DA AGRUPACIÓN DA PROVINCIA DA CORUÑA (1973-1995)
- VOCAL DE MEDICINA RURAL DA XUNTA DIRECTIVA DO COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

- *PROMOTOR E PRESIDENTE DA XUNTA DIRECTIVA DOS CURSOS DE FORMACIÓN MÉDICA CONTINUADA NA COSTA DA MORTE*
- *PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL DE MÉDICOS FUNCIONARIOS DAS COMARCAS DE SONEIRA E FISTERRA*

O portavoces dos grupos:

JOSÉ MANUEL BRENLLA CASTIÑEIRA

DAVID GOMÉZ BRANDARÍZ

SHEILA RIAL MATA"

Sometida a votación por unanimidade dos presentes acórdase,

1. Modificar o nome do centro de saúde de Baio por centro de saúde doutor Manuel Pérez Maroño.
2. Que se realicen os trámites e as notificacións que sexan oportunas para levar a cabo a citada actuación.

7.2 DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Sr. Alcalde propón a realización dunha declaración institucional urxente pola posible declaración do concello como zona vulnerable de nitratos.

Pola unanimidade dos presentes acórdase á urxencia desta declaración.

O Sr. Alcalde propón, que polo Pleno do Concello se realice unha declaración institucional, na que se exprese o rexeitamento á declaración do concello de Zas como zona vulnerable a nitratos.

O Pleno por unanimidade dos presente acorda, a realización dunha declaración institucional, na que se exprese o rexeitamento á declaración do concello de Zas como zona vulnerable de nitratos.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra a voceira do PSOE, D^a Sheila Rial Mata e pregunta:

- Como se atopa a declaración de zona vulnerable de nitratos?
- Que se vai facer cos contedores de lixo que se atopan fronte as tendas en Baio?

Toma a palabra o voceiro do PP, D. David Gómez Brandariz e formula as seguintes preguntas:

- A orde de execución realizada en Rueiro da Cancela, onde se localiza exactamente?
- En que situación se atopa o camiño do Rus?
- Por qué se devolveu o RISGA 2020?
- Cando van a estar os orzamentos do ano 2025?
- Como vai a tramitación do parque empresarial de Zas?
- Para cando a aprobación da RPT?
- Como vai a declaración de zona vulnerable de nitratos?
- Vanse pintar os vaos en Baio?



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

O Sr. Alcalde toma a palabra e contesta ás preguntas formuladas polos voceiros:

- Explica que a declaración de zona vulnerable de nitratos se está a tramitar e que polo momento non se pode impugnar nada, posto que todavía non hai resolución.
- Con relación ós contedores de lixo de Baio, o problema é que ninguén os quede diante da súa porta.

O Sr. Alcalde pasa a contestar as preguntas do voceiro do PP,

- Explica onde se atopa a parcela que se limpou trala tramitación do expediente de orde de execución.
- Con relación ao camiño do Rus explica que se trata dun problema particular entre eles e expón os pasos dados polo Concello, coa remisión da información solicitada polos particulares e a remisión do litixio á vía civil.
- O Sr. Alcalde explica que se devolveu a subvención do RISGA 2020 porque non puidemos contratar a ninguén e entón tivemos que devolver os cartos.
- O Sr. Alcalde considera que os orzamentos poden estar no prazo dun mes, mais ou menos.
- Queremos sacar unha licitación para a redacción do plan parcial, para poder desenvolverlo.
- Con relación á RPT o Sr. Alcalde explica que se vai a convocar a mesa de negociación en breve.
- A situación da declaración da zona vulnerable de nitratos xa foi contestada anteriormente, explica o Sr. Alcalde.
- Por último, con relación ao pintado dos VAOS, temos pensado pintalos, explica o Sr. Alcalde.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 13.30 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,

A Secretaria

Isabel Outeiriño Sánchez

VºPr.

O Alcalde,

Manuel Muíño Espasandín